



EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
Servizos Sociais

PREGO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ACTIVIDADES PARA A PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA 2018

1. DESCRIPCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:

O obxecto do contrato é o desenvolvemento das actividades do “Programa de Actividades para a Prevención da Dependencia 2018” dirixido ás persoas maiores de 50 anos residentes no termo municipal da Estrada, e ás menores de 50 anos que acrediten unha situación de discapacidade en grado igual ou superior ó 33%.

O londo do presente ano vanse desenvolver actividades en un máximo de 38 grupos de actividades

A distribución inicial por parroquias das actividades a desenvolver e o horario preferente é o seguinte:

PARROQUIA	ACTIVIDADE	N.º PERSOAS ANOTADAS	CALENDARIO PREFERENTE	
			DIA	HORA DE INICIO
A ESTRADA	XERONTOXIMNASIA	19	VENRES	19:30
A ESTRADA	AEROBIC DE MANTEMENTO	31	MARTES-XOVES	10:00
A ESTRADA	AEROBIC DE MANTEMENTO	34	MARTES-XOVES	20:00
A ESTRADA	PILATES	34	LUNS - MERCORES	10:00
A ESTRADA	PILATES	35	LUNS - MERCORES	20:00
A ESTRADA	TALLER DE MEMORIA	23	VENRES	17:00
A SOMOZA	TALLER DE MEMORIA	9	MERCORES	16:00
ARNOIS	XERONTOXIMNASIA	11	VENRES	18:00
BERRES	XERONTOXIMNASIA	21	MERCORES	20:30
CALLOBRE	XERONTOXIMNASIA	16	XOVES	18:00
CEREIXO	AEROBIC DE MANTEMENTO	18	MARTES	18:30
CORA	XERONTOXIMNASIA	3	MARTES	18:00
FRADES	XERONTOXIMNASIA	10	XOVES	17:00
GUIMAREI	XERONTOXIMNASIA	10	MARTES	18:30
LAMAS	XERONTOXIMNASIA	10	MARTES	16:00
MATALOBOS	Pendente de especificar actividade	8		
MOREIRA	AEROBIC DE MANTEMENTO	14	MERCORES	17:00

OCA	XERONTOXIMNASIA	15	LUNES	18:00
OLIVES	XERONTOXIMNASIA	17	MARTES	16:00
ORAZO	AEROBIC DE MANTEMENTO	14		
OUZANDE	XERONTOXIMNASIA	8	MERCORES	17:00
PARADA	XERONTOXIMNASIA	12	MERCORES	16:30
PARDEMARIN	Pendente de especificar actividade	8		
RUBÍN	XERONTOXIMNASIA	12	MARTES	17:00
SAN ANDRES DE VEA	XERONTOXIMNASIA	12	MARTES	16:30
SAN MIGUEL DE BARCALA	AEROBIC DE MANTEMENTO	10	MARTES-XOVES	21:15
SAN MIGUEL DE CASTRO	XERONTOXIMNASIA	10	XOVES	18:00
SAN PEDRO DE ANCORADOS	XERONTOXIMNASIA	12	LUNS	18:00
SAN XIAO DE VEA	XERONTOXIMNASIA	10	MERCORES	18:30
SAN XORXE DE VEA	XERONTOXIMNASIA	11	VENRES	20:00
SANTA CRISTINA DE VEA	PILATES	10	VENRES	19:30
SANTA MARIÑA DE BARCALA	XERONTOXIMNASIA	10	MERCORES	19:00
SANTELES	XERONTOXIMNASIA	11	LUNS	16:30
SANTO TOMAS DE ANCORADOS	PILATES	11	XOVES	19:00
TABEIRÓS	PILATES	13	MARTES	16:30
TOEDO	TALLER DE MEMORIA	1	VENRES	20:00
VINSEIRO	XERONTOXIMNASIA	10	LUNS	18:00

No caso de que algunha parroquia interesada na actividade e non esté anotada, poderá facelo sempre e cando formen grupo mínimo de 8 persoas e o presuposto o permita.

2. IMPORTE MÁXIMO DO CONTRATO

O importe máximo do contrato non superará os 35.000,00 euros con IVE incluído con cargo a partida orzamentaria 2311.22612

As entidades licitadoras presentarán presuposto desglosado facendo constar:

- Prezo por sesión de cada unha das actividades, co IVE desglosado
- Presuposto total por outros conceptos, indicando os mesmos (gastos xestión, gastos de persoal, organización, seguros, etc)
- Prezo total ofertado para un máximo de sesións coa seguinte distribución:

ACTIVIDADE	Nº DE GRUPOS	SESIÓNS SEMANA	TOTAL SESIÓNS/GRUPOS	TOTAL SESIÓNS
XERONTOXIMNASIA	20	20	30	600
PILATES	6	6	30	180
AEROBIC MANTEMENTO	4	8	60	480
TALLER DE MEMORIA	3	3	30	90

3. XUSTIFICACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA- NECESIDADES A CUBRIR

O Artigo 2 da Lei 13/2008 de servizos Sociais de Galicia define o sistema de servizos sociais como *“conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o longo dos obxectivos do sistema de servizos sociais, contemplados no artigo da mesma lei”*

O desenvolvemento de actividades dirixidas a colectivos específicos de poboación están contemplados no decreto 99/2012, de 25 de marzo, que regula o contido dos servizos sociais comunitarios, tanto básicos e de obrigado desenvolvemento , como os servizos comunitarios específicos os que se fai referencia como *“son servizos de carácter integrador , o que os constitue na principal instancia do sistema para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas e familias e de incorporación social e laboral.”*

As políticas de Servizos Sociais orientanse a que as respostas ás necesidades e demandas deben situarse o mais preto posible dos cidadáns. é dicir , no ámbito onde se detectan os problemas sociais, é onde tense que dar as respostas, de tal xeito que as intervencións xenéricas con colectivos con necesidades específicas orientadas a elimina-las causas que producen illamento , e a busca de alternativas normalizadas.

A proposta presentada pola Concelleira de Benestar Social de Desenvolvemento de Actividades para a Prevención da Dependencia 2018 dirixida a persoas maiores responde a necesidade de dar continuidade as actividades que se veñen desenvolvendo dende anos anteriores.

4. OBXECTIVOS DO PROGRAMA

XERAIS:

- Favorecer o disfrute e a calidade de vida por medio do desenvolvemento de habilidade sociais persoais e desenvolvemento de novas formas de ocio.
- Favorecer a independencia e a autonomía persoal no seu entorno habitual
- Reforzar o mantemento das capacidades funcionais das persoas maiores aumentando o seu benestar.
- Apoiar e incentivar a creación de grupos autónomos de actividade.
- Desenvolver actuacións socio-educativas de carácter individual e grupal.
- Motivar a participación solidaria das persoas residentes no ámbito rural
- Fomentar a igualdade de xenero entre os/as participantes realizando actividades nas que poidan participar indistintamente homes e mulleres.
- Promove-la integración de persoas e colectivos en situación de desvantaxe social, fomentando actividades grupais normalizadoras de ocupación de tempo de lecer.

OPERATIVOS

1. Desenvolver actividades nas parroquias rurais do termo municipal e no casco urbano.
2. Conseguir que o 90% das entidades asociativas e veciñais colaboren na organización das actividades
3. Desenvolver ao menos 1 actividade semanal, en cada parroquia que reúna un mínimo de 8 persoas inscritas.
4. Conseguir que o 90% dos participantes nas distintas actividades se manteña nas mesmas ata o remate.
5. Dar cobertura o 100% das solicitudes presentadas.
6. Conseguir un alto grao de satisfacción das persoas participantes nas actividades.

5. CONDICIÓN DE CONTRATACIÓN – SOLVENCIA TÉCNICA, PERSOAL E FUNCIÓNS A DESEMPEÑAR

5.1 Solvencia técnica: considéranse técnicamente solventes aquelas entidades licitadoras que:

a) Acrediten ao longo dos derradeiros tres anos traballos relacionados co obxecto do contrato, debendo presentar unha relación das principais actividades realizadas en dito período, indicando destinatario, importe, datas de desenvolvemento e nº de beneficiarios.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, unha declaración da empresa ou entidade destinataria.

b) Acrediten a relación do persoal co que contan para o desenvolvemento do programa, facendo constar a titulación e experiencia de traballo no desenvolvemento de actividades con persoas maiores de a lo menos un ano. A titulación do persoal acreditarase mediante certificados expedidos e visados polo órgano competente. A experiencia acreditarase mediante certificación ou informe emitido polo empresario.

c) As entidades licitadoras concretarán nas súas propostas o calendario de cada unha das actividades e parroquias que figuran no apartado 1. deste Prego, tomando como base o calendario preferente, así como a metodoloxía a utilizar para a participación activa das persoas participantes, e o programa de actividades a desenvolver en cada un dos talleres. Establecerase así mesmo o nº máximo de participantes por grupo, tendo en conta que o nº mínimo é de 8 participantes por actividade.

d) A empresa adxudicataria asume as funcións de organización, programación, execución no calendario que se acorde, e avaliación das actividades obxecto de contrato nos seguintes termos:

5.2 Responsabilidades e funcións da empresa adxudicataria:

- Aportar o persoal especialista preciso para o desenvolvemento de cada unha das actividades. O persoal non terá ningún tipo de relación laboral contractual ou de

outra natureza co concello da Estrada, debendo a entidade ter debidamente informado ao seu persoal e facendo constar expresamente estas circunstancias nos contratos de persoal que suscriba.

- Cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade e hixiene no traballo do persoal ao seu cargo.
- Comunicar diariamente o departamento de Servizos Sociais deste Concello cantas incidencias se produzan na programación e no desenvolvemento das distintas actividades a través dos correos electrónicos que lle serán facilitados ao efecto.
- A coordinación das distintas actividades a desenvolver.
- Presentación de factura mensual xunto coa relación das actividades desenvolvidas e a listaxe de asistencia de participantes en cada unha das sesións. Non poderá participar nas actividades ningunha persoa que non figure no listaxe que o Departamento de Servizos Sociais presentará a empresa adxudicataria onde se fará constar o nome, apelidos, idade e DNI de cada participante.
- Facilitar os medios materiais básicos para o desenvolvemento das actividades.
- Facerse cargo do seguro de accidentes e responsabilidade civil dos/as participantes.
- No caso de existir queixas dos usuarios sobre o/a profesional que imparte as actividades, e previa valoración por parte do Departamento de Servizos Sociais e a empresa adxudicataria, a empresa comprométese ao cambio de dito profesional.
- Na primeira quincena dos meses de xuño e decembro pasarase ás persoas participantes nas actividades un cuestionario, de Servizos Sociais, pasando informe dos resultados ao dito departamento.
- A entidade disporá dunha base de datos que permita obter información sobre o seguimento das actividades e dos usuarios. A información porase a disposición do departamento de Servizos Sociais, respetando a normativa vixente en materia de Protección de Datos.
- Entregar canta documentación que lle sexa requirida pola Técnica de Inserción Social do Departamento de Servizos Sociais, no prazo que se indique, ao longo do período de desenvolvemento das actividades.

5.3 Responsabilidade do Concello da Estrada:

- A selección dos participantes.
- Facilitar a empresa adxudicataria a listaxe das persoas participantes en cada unha das actividades a desenvolver.
- Facilitar as instalacións, propias ou veciñais, para o desenvolvemento das actividades.
- Efectuar o pago das actividades a mes vencido, despois da presentación de factura no rexistro de entrada do Concello por parte da entidade

6. CRITERIOS DE VALORACIÓN

A vista do procedemento de acreditación da solvencia técnica, para a valoración das propostas e a valoración da oferta das empresas que cumprirán cos requisitos establecidos na mesma , atenderase exclusivamente ao criterio do prezo ofertado.

7. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E CONFIDENCIALIDADE.

A empresa adxudicataria declara expresamente quedar obrigada o cumprimento do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, expresamente , no indicado no artigo 10 da mesma en canto o deber de secreto. Comprometese así mesmo a formar e informar explicitamente ao seu persoal das obrigas que de tales normas dimanaran.

A empresa adxudicataria e o persoal encargado da realización das actividades están obrigadas a gardar o secreto profesional sobre tódalas informacións , datos, documentos e asuntos aos que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do contrato, a custodia de datos e documentos e a impedir o acceso aos mesmos a terceiros alleos ó contrato suscrito, e a non facer públicos ou enaxenar cantos datos coñeza como consecuencia da execución de dito contrato. Estas obrigas estendense a toda persoa que poidera intervir en calquera fase do tratamento de datos por conta da empresa adxudicataria e subsistirá aínda despois de rematar os tratamentos efectuados no Prego de Condicións.

A empresa adxudicataria comprométese a adoptar as medidas de índole técnica e organizativas precisas que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal, eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados. O concello da Estrada non asume ningunha responsabilidade polo incumprimento por parte do adxudicatario da normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

8. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración do contrato será dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018

9. XUSTIFICACIÓN DE PAGOS

O pago das actuacións á entidade adxudicataria efectuarase a meses vencidos, previa presentación de factura no rexistro de entrada do Concello por parte da entidade, e o correspondente informe por parte da Técnica de Inserción Social do Departamento de Servizos Sociais. Na factura presentada farase constar:

Nº total de sesións das actividades realizadas no período, tipo de actividade (Xerontoximnasia, Pilates, Aerobic de mantemento e Memoria), indicando o prezo total por unidade, o importe de IVE e o importe total.

Ás facturas mensuais acompañarase a relación de participantes no período de facturación.

A TÉCNICA DE INSERCIÓN SOCIAL (DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE)